

**INSTRUCCIÓN DA XERENCIA 3/2025, DO 20  
DE XUÑO DE 2025, POLA QUE SE  
ACTUALIZAN OS IMPORTES MÁXIMOS A  
TRAMITAR COMO “PEQUENOS GASTOS”.**

De acordo co Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e na liña da instrución xerencial 5/2022, do 8 de xuño pola que se flexibilizan os procesos administrativos de xestión de gastos por asistencia a congresos internacionais e xustificantes das indemnizacións por razón de servizo na Universidade de Vigo, e tendo en conta a crecente dificultade para conseguir xustificantes que cumpran coa legalidade das facturas, esta Xerencia determina:

Que os gastos de menos de **400,00€ (catrocentos euros)** podan ter, no caso de non conseguir ditos xustificantes, a consideración contable e orzamentaria de “Pequenos Gastos”, utilizándose os códigos de identificación xa definidos (tanto para os que se fagan en territorio nacional como para os que se fagan fóra deste territorio) para a súa correcta contabilización.

A xerenta

Yolanda T. Lesmes Romero

